



PRIMEIRA COMUÑÓN, UN PASO DENTRO DUN PROCESO

Catequese Parroquial de Primeira Comuñón

A Eucaristía é o centro da vida cristiá, é o sacramento central e a plenitude da iniciación cristiá. O Bautismo, xunto coa Eucaristía e a Confirmación son os sacramentos da iniciación cristiá.

Debemos ter en conta que a catequese é algo distinto da clase de relixión. A materia escolar de Relixión pretende a comprensión do feito relixioso como tal dende o punto de vista académico. Pola contra, a catequese ten como finalidade a transmisión da fe e iniciar ós nenos/as no camiño cristiá. É unha axuda para vivir coma cristiás na comunidade eclesial.

A Parroquia ofrece a súa colaboración ós pais e nais católicos practicantes que desexan que os seus nenos e nenas cheguen a vivir coma cristiás.

A familia é a primeira responsable da transmisión da fe cristiá. A fe comunícase e vívese, en primeiro lugar, na familia. A Vida Parroquial é unha axuda necesaria a labor familiar

Requisitos e Condicións

- A duración da catequese na parroquia da Milagrosa é de dous cursos. Comeza o ano no que os nenos/as cumplan os 7 anos.
- A Primeira Comuñón recíbese a idade de 9 anos, ou o ano en que os nenos/as cumplan 9 anos. Unha excepción será cando son irmáns que se acostuma a retrasar a idade do maior e adiantala no menor. Outra excepción será no caso dunha enfermidade grave.



- Para participar na catequese de Primeira Comunión é necesario que os pais/titores legais, cubran unha ficha de inscrición cos datos do menor que desexan que asista á catequese. Deben aportar unha fotografía recente e firmar ambos pais/titores legais a ficha de inscrición aceptando estas condicións. Esta ficha debe realizarse tanto para o primeiro como para o segundo curso de catequese.
- Requisito indispensable para realizar a Primeira Comunión é estar bautizado. No caso de que ese Sacramento non fose recibido na Parroquia de A Milagrosa débese entregar unha partida de bautismo ó inicio da catequese.

Catequese en tempos da Covid-19

- A actual situación xerada pola pandemia da Covid-19 limita a nosa capacidade para a celebración das reunións e xuntanzas na comunidade parroquial. Namentres a situación non se normalice cremos convinte suspender as reunións semanais cos nenos e nenas de catequese da maneira que se viña facendo.
- Ata entón, a catequese de Primeira Comunión na parroquia este curso consistirá na participación na Eucaristía Dominical mais unha reunión mensual coas nais e pais para axudar na tarefa da transmisión da fe e fortalecer a igrexa doméstica, transmitindo os contidos da fe de acordo coa estrutura do Catecismo “Jesús es el Señor”.
- Ós nenos e nenas serán organizados en grupos asociados a unha catequista, que será o enlace coa comunidade parroquial a fin de manter unha estrutura na catequese parroquial e organizar a asistencia a Eucaristía Dominical. Calquera incidencia deberase comunicar á catequista.
- Apoiarémonos nas novas tecnoloxías para manter un contacto e comunicación fluída coas familias. A través da páxina web, canal de Youtube, conta de Instagram, correo electrónico, e calquera outro medio que creamos que pode axudar na vivencia da fe e na

participación da vida comunitaria, así como todo o relacionado cos sacramentos da iniciación cristiá:

- A **páxina web** www.parroquiamilagrosa.es recolle toda a estrutura da comunidade parroquial. A través deste portal temos acceso ós perfís de redes sociais, ó correo electrónico e a todo o relativo ás celebracións litúrxicas, eventos e campañas da parroquia.
- O canal de **Youtube** “**Parroquia da Milagrosa**” está a disposición das familias e do público en xeral, e nel, periódicamente, iremos debullando material catequético.
- A conta de **Instagram** “**parroquiadamilagrosa**” é unha ferramenta que nos permite unha maior inmediatez nos anuncios de actividades e celebracións así como unha transmisión amena e constante de ideas e material para a reflexión e o apoio da fe.

A celebración da Primeira Comuñón

- As nenas e nenos antes de recibir a Primeira Comuñón acercaranse e participarán do Sacramento da Penitencia. Organizaranse as celebracións da Confesión para os menores e as súas familias. Teremos unha preparación intensiva previa sempre que a situación sanitaria así o permita e sexa viable.
- A celebración da Primeira Comuñón ten lugar na Misa do domingo e o sentido máis pleno é que sexan celebracións comunitarias de Primeira Comuñón.
- As datas de celebración comunitaria de Primeira Comuñón na Parroquia da Milagrosa serán dentro do tempo de Pascua. Tendo en conta a situación actual non cremos prudente anunciar datas de celebración para a Primeira Comuñón. En xaneiro comunicarase ós pais/titores legais as posibles datas de celebración, e antes de Semana Santa elixirase un día para poder inscribirse.

- Se houberse motivos serios polos que non sexa posible recibir a Primeira Comuñón nos días sinalados en Pascua, darase a posibilidade de recibila nalgúns domingos de xullo e agosto.
- Nunha reunión previa á Primeira Comuñón trataremos o tema de fotografía, captación de imaxes e voz na celebración da Primeira Comuñón.
- A Parroquia non está dispoñible para celebracións de Primeira Comuñón o sábado.
- O material que se utilizará na catequese de Primeira Comuñón será:
 - ➔ *Jesús es el Señor*. Catecismo de la Conferencia Episcopal Española. Editorial EDICE.
 - ➔ Páxina web <https://recursos.catequesisdegalicia.com/>

HORARIO DE MISA

DIARIA: 19:30

DOMINGOS: 10:00

11:30

12:30

18:30

MARTES: Exposición do Santísimo ás 20:00.

Os horarios están suxeitos a posibles cambios

A programación de Catequese será revisada periodicamente tendo en conta a evolución da situación sanitaria.

Se houberse algún cambio sempre se notificará con antelación.

Parroquia da Milagrosa. Praza da Milagrosa s/n, 27003, Lugo.

982.21.42.65. | milagrosa@parroquiamilagrosa.es | www.parroquiamilagrosa.es

CALENDARIO CATEQUESE 2020-2021

INSCRICIÓNS CATEQUESE	COMEZO CATEQUESE
INICIO INSCRICIÓN 15 de setembro	
FIN DE INSCRICIÓN 13 de outubro	
Domingo 18 de outubro	

MATERIAL
Catecismo "Jesús es el Señor" (Edice)
www.recursos.catequesisdegalicia.com/Catecismo"Jesús es el Señor"

CONTACTO
WEB parroquiamilagrosa.es
EMAIL milagrosa@parroquiamilagrosa.es
INSTAGRAM parroquiadamilagrosa
YOUTUBE (canal) Parroquia da Milagrosa
TLFNO 982214265



REUNIÓNS NAIS E PAIS	
20:15h. na igrexa Parroquial	
OUTUBRO (REUNIÓN INFORMATIVA)	
MÉRCORES 14	Nais e pais 1º
XOVES 15	Nais e pais 2º
NOVEMBRO	
MARTES 3	Nais e pais 1º
MÉRCORES 4	Nais e pais 2º
DECEMBRO	
MARTES 1	Nais e pais 1º
MÉRCORES 2	Nais e pais 2º
XANEIRO	
MARTES 12	Nais e pais 1º
MÉRCORES 13	Nais e pais 2º
FEBREIRO	
MARTES 2	Nais e pais 1º
MÉRCORES 3	Nais e pais 2º
MARZO	
MARTES 2	Nais e pais 1º
MÉRCORES 3	Nais e pais 2º
ABRIL	
MARTES 13	Nais e pais 1º
MÉRCORES 14	Nais e pais 2º

ESTAS DATAS ESTÁN SUXEITAS A POSIBLES CAMBIOS EN FUNCIÓN DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

*A catequese este curso 2020-2021 consistirá na asistencia a Misa Dominical mais as reunións coas nais e pais unha vez o mes




FICHA 2020-2021

*Entregar no despacho parroquial antes do 13 de outubro

PRIMEIRA COMUÑÓN

Curso de catequese:
Catequista no curso anterior:



Nome
Apelidos.....
Data de nacemento: de..... do , en.....
Enderezo:....., n°:....., piso:.....
Localidade:
Correo Electrónico.....
Pai/ titor do menor:..... Tfno:.....
Nai/ titora do menor: Tfno:.....
Data de bautismo: de..... do....., na Parroquia de.....
..... Colexio:.....

*Persoas autorizadas para recoller ó menor: *[No caso de actividades presenciais]*

- 1-.....
- 2-.....
- 3-.....

Indiquen neste apartado marcando a casilla correspondente se autorizan que o menor poida saír só ó seu domicilio

Autorizo que o menor poida saír só ó seu domicilio.

Declaramos coñecer e aceptar as condicións e requisitos da comunidade parroquial da Milagrosa relativas á catequese de Primeira Comuñón e que nos foron entregadas xunto con esta ficha de inscrición.

Así mesmo comprometemos a cumprir as condicións sinaladas no devandito documento e desexamos que o noso/a fillo/a participe na catequese parroquial da Milagrosa.

Fdo.: _____
(Nome e Apelidos Nai ou titora do Menor)

Fdo.: _____
(Nome e Apelidos Pai ou titor do Menor)

Información básica sobre protección de datos:

Responsable: PARROQUIA DA MILAGROSA

Finalidades: Xestionar e tramitar a solicitude de inscrición e o posterior seguimento da participación nos cursos de catequese impartidos na parroquia. Realizar comunicacións a través do correo electrónico e outros medios electrónicos das xestións solicitadas e información sobre actividades que poidan resultar do seu interese.

Finalidades que requiren consentimento: CONSINTO o envío de comunicacións por vía electrónica sobre actividades e actos organizados pola PARROQUIA DA MILAGROSA que poidan resultar do meu interese, incluíndo a transferencia de datos relacionado co uso de APPS de terceiros e a revelación do número a participantes dos grupos onde se inclúa o interesado.

Lexitimación: Consentimento do interesado.

Destinatarios: Non se cederán datos a terceiros, salvo obriga legal.

Finalidades que requiren consentimento: NON CONSINTO o envío de comunicacións por vía electrónica sobre actividades e actos organizados pola PARROQUIA DA MILAGROSA que poidan resultar do meu interese.

Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.

Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos en www.parroquiamilagrosa.es